

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA PARA A REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA BASE DE DATOS DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA NO PERÍODO 2018-2021.

En Santiago de Compostela, a 28 de xuño de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en virtude do Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (DOG nº 70, do 10 de abril), na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adelante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. Carlos Calvo Orosa, na súa calidade de Director Xeral do Instituto Tecnolóxico de Galicia (en adelante, ITG), nomeado mediante acordo da Xunta Xeral Ordinaria do Patronato da Fundación ITG celebrada o 18 de decembro de 2014 en A Coruña, e elevado a escritura pública ante o notario de A Coruña D. Jacobo Esteban Pérez Rama, o 16 de xaneiro de 2015, poder notarial nº 53 do seu protocolo.

As partes recoñécense mutuamente capacidade para a formalización do presente convenio e, a tal efecto,

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal*

Santiago, 11 SET. 2018

XEFE do SERVIZO
de COMESTACIÓN

Jorge Quiroga Santos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, así como de actuar como elemento regulador do mercado inmobiliario, segundo dispón o art. 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

O IGVS, tal e como establece o 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS, correspóndelle, entre outras funcións, o seguimento da aplicación do Código técnico da edificación e a proposta para ao seu desenvolvemento normativo adaptado ás características da edificación en Galicia, así como o establecemento de estándares técnicos e, en xeral, a acreditación das recomendacións que se establezan no relativo a materiais, procesos e sistemas construtivos.

SEGUNDO.- Que o ITG é unha Fundación constituída ao amparo da Lei 7/83, do 22 de xuño, e declarada de interese galego por Orden da Consellería de Industria do 18 de xuño de 1991; figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co nº 1991/6.

Entre as actividades do ITG descritas nos seus estatutos destacan, entre outras, a investigación e a construción de bancos de datos, así como a súa explotación, o desenvolvemento da tecnoloxía da construción e a colaboración coa administración pública en materia tecnolóxica.

TERCEIRO.- Que o IGVS e o ITG levan asinados nove convenios dende 1993. O primeiro deles tiña por obxecto a realización dun banco de datos de prezos da construción e edificación de Galicia (en adiante, **BDCG**), o segundo e posteriores regulaban a revisión, a actualización e a ampliación da BDCG, así como a súa edición e publicación.

Santiago, 11 SET. 2018

XEFE do SERAJO
de CONTRATACIÓN

Jorge Ovejún Santos

O último convenio asinouse o 18 de setembro de 2015 e rematou o 30 de decembro de 2017. Co obxecto da revisión da BDCG, é necesario dar continuidade a esta colaboración e asignar un novo convenio.

Por todo iso, as partes asinan este convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre o IGVS e o ITG para a revisión da BDCG, a actualización dos seus prezos, a ampliación dos seus produtos de construción, así como a realización de informes, relacionados cos sistemas construtivos, as instalacións e as novas tecnoloxías vinculadas á edificación, que servirán de base para introducir ou modificar partidas ou materiais na citada BDCG.

SEGUNDA.- CONTIDO E ÁMBITO MATERIAL

Para a materialización do obxecto do presente convenio, desenvolveranse as seguintes actividades:

a) Para a revisión da BDCG:

- 1.- A adopción dos criterios e a determinación das actuacións concretas sobre os contidos da BDCG para o período 2018-2021.
- 2.- A captura e análise de información, solicitude de tarifas e revisión das modificacións existentes na normativa para identificar os cambios que sexa preciso introducir na base de datos.

Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.

Santiago, 11 SET. 2018

XEFE DA SECCIÓN
de COORDINACIÓN

Jorge Quiroga Santos

3.- O desenvolvemento dos contidos mediante a elaboración das distintas unidades de obra.

4.- A actualización de prezos.

5.- A transformación a Formato FIEBDC.

6.- A validación cos programas de presuposto mais empregados e introdución dos axustes precisos.

7.- O desenvolvemento da documentación vinculada á base de datos (preámbulo, índices, pregos de prescricións, etc.).

8.- A elaboración da BDCG en versións galega e castelán, que será publicada cada 2 anos.

b) Para a elaboración dos informes técnicos:

1.- A definición das prioridades dos temas a tratar e a desenvolver.

2.- A recompilación e contraste da documentación a utilizar.

3.- A elaboración dos informes encomendados.

4.- A inclusión que corresponda na BDCG.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

11 SET. 2018



JEFE DO SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Cuadrado Santos

TERCEIRA.- CONTIDO ECONÓMICO

O custo anual da totalidade das actuacións obxecto do convenio, tendo en conta o tempo estimado, así como o persoal que se considera necesario para levar a cabo cada unha das actividades, poderá acadar un importe máximo de 136.931,50 euros, coa seguinte distribución en cada un dos seus ámbitos:

a) Para a revisión da BDCG:

Persoal	Horas	Total horas	Custe/h	Total
D. Técnico (1)	193,5	193,50	45	8.707,50
Técnico Senior (2)	677	1.354,00	30	40.620,00
				0



Técnico Junior (2)	968	1.936,00	20	38.720,00
Custo total anual				88.047,50

b) Para a elaboración dos informes, é en función do contido e do tempo de elaboración de eles ata un máximo de:

Persoal	Horas	Total horas	Custe h	Total
D. Técnico (1)	290,40	290,40	45	13.068,00
Técnico Senior (1)	677,60	677,60	30	20.328,00
Técnico Junior (1)	774,40	774,40	20	15.488,00
Custo total anual				48.884,00

Tendo en conta a maior carga de traballo que asume o ITG, o IGVS, en contrapartida, obrígase a poñer a súa disposición, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.640.0 e ao proxecto 2015 00012, un importe máximo anual de ata 79.000 euros. De dito importe, 55.000 euros abonaranse polo remate dos traballos correspondentes á actividade de revisión da BDCG; a diferenza, ata un máximo de 24.000 euros, abonaranse pola elaboración dos informes emitidos, en función do seu contido e das horas de traballo requiridas para a súa realización.

O devandito importe achegarase do seguinte xeito:

- A finais do primeiro semestre de cada ano, a cantidade de 35.000 euros, polo remate dos traballos relativos aos puntos 2, 3, 4 e 5 da actividade a) da cláusula segunda, e ata 10.000 euros, correspondentes aos traballos previstos no punto 2 da actividade b) da citada cláusula.

Santiago,

11 SET 2018



SERVIZO SERVIZO
DE CONTRATACIÓN

Jorge Couteiriño Santos



- A finais do segundo semestre de cada ano, a cantidade de 20.000 euros, polo remate dos traballos relativos aos puntos 6, 7 e 8 da actividade a) da cláusula segunda, e ata 14.000 euros, correspondentes aos traballos previstos nos puntos 3 e 4 da actividade b) da citada cláusula.

A tales efectos, o ITG deberá facer entrega en formato dixital, cunha antelación mínima de quince días antes de finalizar cada semestre, dunha Memoria que comprenda a totalidade dos documentos que conteñan os traballos correspondentes á revisión da BDCG, así como dos informes técnicos concretos, realizados en cada unha das fases, acompañada dunha certificación xustificativa expedida polo seu representante legal.

Cada un dos traballos correspondentes á revisión da BDCG e os informes técnicos incluídos na correspondente Memoria deberán indicar o seu custo total, así como o custo asumido polo IGVS, en función do número de horas totais empregados na súa realización, desagregando dito custo segundo os técnicos participantes nos mesmos.

CUARTA.- GRUPO DE TRABAJO

Para levar a cabo as tarefas necesarias para o cumprimento do obxecto do presente convenio crearase un grupo de traballo, formado por un mínimo de dous técnicos do IGVS e de catro técnicos do ITG, que se reunirán trimestralmente para definir e adoptar os criterios das actuacións, así como para definir as prioridades sobre os contidos da BDCG.

QUINTA.- COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO

Con obxecto de coordinar estes traballos, crearase unha Comisión Técnica de Seguimento, que estará integrada por dous representantes de cada organismo, nomeados polo director xeral do IGVS e polo Presidente do ITG.

Á Comisión Técnica de Seguimento corresponderanlle as seguintes funcións:

- A prestación da asistencia técnica aos grupos de traballo encargados da execución das actuacións.

Santiago,

11 SET. 2018



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Ousieirino Santos



- O seguimento permanente do desenvolvemento das actuacións realizadas en cada unha das fases de execución dos traballos obxecto do presente convenio.
- A revisión do traballos elaborados e a aprobación, no seu caso, dos mesmos.

As controversias na interpretación deste convenio que non puideran ser resoltas no seno desta Comisión Técnica de Seguimento serán sometidas ao criterio da persoa titular da dirección xeral do IGVS, previo informe dos integrantes da mesma.

SEXTA.- TITULARIDADE DOS TRABALLOS

A titularidade dos traballos será compartida polo IGVS e o ITG, podendo calquera das dúas partes proceder a súa comercialización.

O ITG deberá entregar ao IGVS as claves de acceso a web (www.presupuesta.com), onde se poderá descargar e consultar en formato FIEBCD todo o contido da BDCG, así como os documentos asociados á mesma.

SÉTIMA.- PRAZO DE VIXENCIA

A vixencia do presente convenio será desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2021, sen que o mesmo poda ser obxecto de prórroga.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

Ao presente Convenio seralle de aplicación o disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En consecuencia, non lle é de aplicación a lexislación de contratos das Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

11 SET. 2018

XE. SER. SERVIZO
de CONTRATACIÓN



Jorge Couteiriño Santos



NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás causa xustificada.
- c) O mutuo acordo das partes.

DÉCIMO.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROMOCIÓN, DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal*

Santiago,

11 SET 2018



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeiriño Santos

Lido polas partes e como proba de conformidade, asínan este documento no mesmo lugar e data que se indica no seu encabezamento.

POLO INSTITUTO GALEGO


DA VIVENDA E SOLO



Dña. Ethel M^a Vázquez Mourelle

POLO INSTITUTO TECNOLÓXICO

DE GALICIA


Instituto
tecnológico
de Galicia

D. Carlos Calvo Orosa

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago.

11 SET. 2018



XEFES DO SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeiriño Santos